

Texto: **MILAN VUKOTIC**
Ilustracións: **ELIA MANERO**
Tradución: **DOLORES ROMAY**


Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.
130 páxinas. Ilustracións a todo color.
Dispoñible en:

-Galego: "Atrapasoños". Sete Leguas. ISBN 978-84-8464-124-7
-Castelán: "Atrapasueños". Siete Leguas. ISBN 978-84-96388-30-7

Prezo: 14 €

ATRAPASOÑOS

Só a maxia de Atrapasoños podía axudalo a superar as probas que Cabalo, o mozo máis forte do barrio, lle impuxera para non perder o parque no que sempre xogaban. Mais Atrapasoños estaba agachado nun libro, por castigo da Raíña Raña; e ninguén, menos ela, sabía como atopalo...



O protagonista do relato terá que aventurarse no territorio descoñecido da Reina Raña para atopar o personaxe que ten a solución para todos os seus problemas. Milan Vukotic introduce os lectores no mundo dos soños a través dunha historia fantástica que atraerá os lectores dende a primeira ata a derradeira páxina.

En canto á proposta plástica, Elia Manero elabora un traballo ben estruturado, que combina ilustracións en cor e en escala de grises, imaxes planas e tridimensionais. Recréanse así dous ambientes: o mundo real e o onírico mestúranse en perfecta harmonía cun texto que permite viaxar dun lado a outro da realidade.

O libro preséntase nunha coidada edición, que permite apreciar o relato con todos os sentidos. Está impreso nun tipo de papel-arte que potencia de xeito extraordinario a beleza das ilustracións para que o lector perciba o colorido, a luminosidade e ata a textura dos materiais (tea, fio ou elementos vexetais) utilizados por Elia Manero para crear o mundo fantástico de "Atrapasoños".

MILAN VUKOTIC (Belgrado, 1946)

É director de teatro, pintor e escritor. Polo seu traballo como dramaturgo, pode estar en contacto permanente coas inxerencias dos nenos e nenas, porque para eles están deseñados os seus espectáculos. Das súas representacións, libros e cadros, destacan os seres diminutos e de moitas cores que utiliza como personaxes, o que explica a orixe do ambiente máxico que rodea "Atrapasoños".

Milan Vukotic plasmou o seu propio imaxinario na decoración interior de moitos edificios, fundacións e bibliotecas en Alemaña, Austria, Francia e Portugal. Unha das súas principais aficións é viaxar polo mundo. E aínda que fala 13 linguas, ten confesado que o idioma que máis lle gusta practicar é o da infancia, polo seu carácter universal, porque todos os nenos poden entenderse independentemente da súa raza, procedencia ou relixión.

ELIA MANERO (Madrid, 1972)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense e diplomada en Ilustración pola Escola de Artes e Oficios. Os seus debuxos plasmáronse en libros de texto para nenos e álbums ilustrados. Entre os títulos que ilustrou destacan "O homiño de mazapán" e "O zapateiro e os trasnos", ambos publicados por KALANDRAKA en galego e castelán.

- **Temática:** relato fantástico de aventuras
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións en cor e escala de grises, de técnica mixta (relevo, superposición de elementos textís e vexetais); relato estruturado en capítulos
- **Aplicacións:** mundos real- imaxinario; escrita creativa

